





A DEVEZA DA ESCRITA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km
Dificultade: alta
Duración: 4 horas



Unha camiñada para achegarse e gozar dunha devesa onde se mesturan e medran especies autóctonas de montaña e algúns dos teixos de bosque máis sobresaíntes do país. Únha ruta de interese ecolóxico que nos ofrece a posibilidade de gozar de fermosas paisaxes.

A Devesa da Escrita ou de Paderne está situada nas abas que dan cara ao norte da penas da Escrita, unha prolongación da serra de Lúzara. É un bosque mixto de carballos, teixos, acivros, capudres... e nas proximidades das zonas húmidas bidueiros, salgueiros... cunha rica diversidade de plantas de sotobosque e fauna. Na zona de rochas calcáreas hai aciñeiras e no contorno do bosque mato de uces.



Teixo dos "Sete Homes"



Vista desde a parte media da ruta: á esquerda aciñeiras sobre rochas calcáreas.

COMO CHEGAR:

De Paderne baixamos ao río e ao cruzalo seguimos dereito pola pista que vai cara aos cumes, ao longo de 2 km, ata o punto onde pouco despois de cruzar un regato fai un xiro brusco á esquerda; de ahí sae un camiño á dereita, pouco evidente, porque está abandonado e ocupado pola vexetación, e seguímolo ata que desaparece nas proximidades dun regueiro que cruzaremos e a partir dese punto remontaremos, levándoo a nosa esquerda, ata máis arriba do nacemento e nesa zona atoparemos o teixo dos Sete Homes. Para facer un percorrido circular e ver outras árbores destacadas da devesa, desde o teixo debemos coller cara á esquerda onde, a uns poucos metros, atoparemos o bidueiro e continuando na mesma dirección un carballo de magnífico porte. Desde aquí continuaremos a marcha na mesma dirección e sen perder demasiada altura ata irmos dar a outros teixos, entre os que hai exemplares de máis de tres metros de perímetro, sen perder o sentido da marcha e sen descender demasiado, chegamos a outro grupo de bos exemplares e pasando de uns a outros imos descendendo progresivamente; despois de ver os últimos continuaremos coa dirección que levabamos descendendo pouco a pouco ata coincidir coa pista que leva aos cumes pola que faremos o camiño de volta. En total faremos dous quilómetros e medio de achegamento, entre un e dous quilómetros polo interior da devesa e outros dous quilómetros e medio de volta.

Na ruta empréganse unhas catro horas, non pola distancia senon porque o terreo ten moito desnivel, e convén facela mentras as árbores non teñen follas e ademais, mentras se fai a aproximación, convén facer unha composición do espazo, sinalando no papel a posición dos elementos destacados, para ter unha referencia aproximada porque ao ir subindo as árbores, aínda sen follas, dificultan moito a visión do bosque e no interior non hai sinalización algunha.



Vista da parte alta da devesa. As manchas escuras son os teixos.



Narcissus asturiensis, unha especie catalogada como vulnerable.



Carballo na parte alta da devesa (5,3 m de perímetro)



Bidueiro na parte alta da devesa (6,6 m de perímetro)



Teixo dos "Sete Homes", (4,6 m de perímetro).
Situado na parte alta da devesa.



Teixo
(3,2 m de perímetro)



Teixo (3,2 m de perímetro)



Un dos escasos espazos abertos
no interior do bosque.



No comezo da ruta



Panorámica desde a parte alta da ruta. O Taro Branco e ao fondo Os Ancares.